

Federación Galega de Espeleoloxía

Respectar o medio ambiente das covas é respectar a vida, por iso non esquezas

Coidar

Non deixando nada atrás, agás as tuas pegadas

Preservar

Empregando técnicas de iluminación respectuosas co medio

Conservar

Non estragando o medio natural: covas e zonas kársticas axudan ao desenvolvemento local

Protexer

Mantente dentro dos sendeiros marcados e minimiza o risco de accidentes

Desfrutar


Apreciando a beleza natural e os seus valores arqueolóxicos e paleontolóxicos

Cobas, Ourense
12 e 13 de setembro 2020

XXIV Campamento Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía

Posicionar e topografar covas:

Un xeito de achegar os nosos descubrimentos ós demais espeleólogos



Organizan:

En 2018 sinalaba Efraín Mercado, vicepresidente de operacións da UIS que “canto máis coñecemos, máis podemos protexer e conservar”. Así, con esta idea tan simple fundaméntanse as bases do Ano Internacional das Covas e do Carst (International Year of Caves and Karst (IYCK)) e que se desenvolverá a nivel mundial no ano 2021.

E os nosos cativos non poder quedar alleos ao espírito do IYCK-2021. Por iso para o *XXIV Campamento Infantil-Xuvenil de Espeleoloxía* propoñemos unha actividade de descubrimento da espeleoloxía e das ferramentas básicas que permiten posicionar e topografiar as covas: Técnicas básicas que complementan a exploración e que permiten tanto localizar xeográficamente o recurso natural, como documentar o récord de profundidade ou desenvolvemento acadado. Un xeito de achegar aos demais os nosos descubrimentos.

Para poder participar no campamento é imprescindible estar en posesión da licenza do ano en curso expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida por esta (ás das federacións integradas na CEC). Os menores de idade precisan de **permiso paterno** (que custodiará o clube) e acudir tutelados por un adulto.

Na inscrición o interesado facilitará os seus datos: nome, apelidos, NIF, clube, teléfono e correo electrónico, datas de chegada e saída.

Atendendo o *PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO POLO QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCACIONADA POLA COVID-19 NO ÁMBITO DO DEPORTE FEDERADO DE GALICIA* (ver documento en <http://www.espeleoloxia.org>) **os participantes presentarán** debidamente cuberto a correspondente **DECLARACIÓN RESPONSABLE PARTICIPANTE NA ACTIVIDADE (DEPORTISTA e STAFF)**.

Todos os participantes asumen a obriga de cumprir as normas de protección establecidas en materia sanitaria, tanto no uso das instalacións de uso común como no desenvolvemento das actividades. **Entroutras lémbrese que o uso de máscara é obrigatorio.** Tamén que o acceso as instalacións deberá realizarse a través do “punto limpo” establecido.

A organización non se responsabiliza de posibles accidentes.

Calquera outra situación ou dúbida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

Non esquezas: Realizar un traballo en equipo, fundamento da exploración espeleolóxica.

Datas e lugar de realización: Cobas – Rubiá, 12 e 13 de setembro 2020.

Data límite de inscrición no Campamento: 15 de agosto de 2020.

Pernocta: Refuxio de Cobas. Aforo limitado a 16 deportistas.

NOTA:

Atendendo as medidas de protección previstas, as actividades desenvolveranse en dous grupos formados por 10 participantes cada un. O número de participantes no campamento está limitado a 20 deportistas.

Sábado 12 de setembro

- 10:00 Recepción no refuxio de Cobas.
- 10:30 Preparación do traballo topográfico
- 11:30 Aproximación ata a Pala da Zorra e desenvolvemento da actividade:
 - Localizamos e posicionamos a cova
 - Facemos a nosa primeira topografía
- 14:00 Xantar
- 16:00 Exploración e xogos:
 - Facemos un safari de espeleotemas
 - Na procura das pegadas dos osos
- 18:00 Regreso ata o refuxio
- 19:00 Merenda e limpeza
- 20:00 Debuxamos as nosas topografías
- 21:30 Cea

Domigno 13 de setembro

- 08:30 Almorzo,
- 09:30 Aproximación a Pala Silvert e desenvolvemento da actividade:
 - Localizamos e posicionamos a cova
 - Exploración:
 - Impacto do home nas covas: O custe da súa restauración
- 14:00 Xantar
- 16:00 Peche do campamento

Material para facer actividade espeleolóxica: Como material xeral para todos os cativos: Lubas, botas de auga (preferiblemente), roupa de protección, casco e frontal.

Material para a pernocta: Saco de durmir e esterilla.

Manutención: Os deportistas virán provistos de prato, taza e cubertos. Non se fará uso do menaxe do refuxio. Os deportistas virán provistos de xantar individual (pechado en bolsa) para o sábado e o domingo. O almorzo e cea corren a cargo da organización.

Outros materiais: Para as actividades de localización e posicionamento é interesante dispor de Smartphone con GPS integrado e dispor da aplicación Mapas de España do IGN. O material topográfico aportarémolo dende a organización. Para debuxar as topografías precisaremos algúns portátiles Windows co programa COMPASS preinstalado, O programa pódese descargar en <https://www.fountainware.com/compass/>



Inscricións

A través de cetra@cetra.es según se indica no regulamento.

Infantiles e Xuveniles: Inscripción de balde.

Titores e acompañantes⁽¹⁾: Cuota de 10 € a aportar coa inscrición, e que atende os custes da cea do sábado pola noite e o almorzo do domingo. Xantar, merenda e os desprazamento a cargo dos participantes.

A cuota non inclúe o custe das licencias deportivas.


NOTA (1): Debido a limitación de prazas é importante minimizar o número de acompañantes.

O Acampamento base está no refuxio de Cobas, na estación de Cobas (Rubiá de Valdeorras-Ourense), no parque Natural da Serra da Enciña da Lastra. Coordenadas: 42.475363 – 6.830989.

Lembrade

(RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020 e do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade):

- Non se permite compartir material deportivo.
- As botellas de auga son individuais.
- Sen máscara mantede distanciamento de seguridade
- Respeto a sinalización de seguridade nos espazos comúns.
- Os deportistas non podrán compartir alimentos, bebidas ou similares.
- Antes de entrar ás zonas comúns deberán limparse as mans empregando o hidroxel virucida.



Clube de Espeleoloxía A Trapa
Manuel de Castro, 8, 3º Dereita
986 231 876
cetra@cetra.es
www.cetra.es